

## ELECCIÓN S AO CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA AO ALUMNADO

En cumprimento do disposto na Resolución do 20 de setembro de 2021, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares dos centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro de 2021), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR ALUMNADO**, segundo o seguinte:

1. Corresponde renovar, e polo tanto elixir, a **CATRO** alumnos/as; é dicir, a totalidade dos representantes no Consello, como consecuencia do cese de tódolos representantes que o constituían.
2. Son electores e elixibles tódolos alumnos/as matriculados no centro no presente curso.
3. O **censo electoral** está exposto no taboleiro de Secretaría. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14.00 horas do día 15 de novembro.
4. A presentación de candidaturas poderá formularse dende o día **9 ao 15 de novembro (ata ás 14:00 horas)**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto.
5. A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do día 17 de novembro. As reclamacións á mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14:00 horas do día 18 de novembro.
6. O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos o 16 de novembro ás 12:10 horas. Dita mesa electoral estará formada pola Directora, que actuará como Presidenta, e dous alumnos/as, actuando de secretario o de menor idade.
7. A **campaña electoral** comprenderá do 19 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.
8. As **votacións** realizaranse o **23 de novembro**, no salón de actos á hora dos recreos. A mesa será constituída o mesmo día, en acto público.
9. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada alumno fará constar na súa papeleta un máximo de **TRES** nomes da lista de candidatos presentados.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

En Cambre, a 5 de novembro de 2021

A Presidenta da Xunta Electoral.